

ACTA NÚMERO: 37/2025

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 2 DE OUTUBRO DE 2025.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 2 de outubro de 2025 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación das actas das reunións correspondentes aos días, 11 de setembro de 2025 (Reunión 35/2025) e 18 de setembro de 2025 (Reunión 36/2025).
2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a Imprenta Provincial da Deputación. (Expte.- 2025025952).
3. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "Lecer en Familia 2026". (Expte.- 2025009308).
4. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "Lecer en Familia 2026". (Expte.- 2025009308).
5. Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes a documentación administrativa e as ofertas avaliables mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "Explora Manzaneda 2026". (Expte.- 2025058983).
6. Solicitude da empresa Ebos Ramon Agolada S.L. (NIF: B27469741), para participar no sistema dinámico de adquisición de vestiario para o persoal da Deputación. (Expte.- 2023051458).

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.



1. Aprobación das actas das reunións correspondentes aos días, 11 de setembro de 2025 (Reunión 35/2025) e 18 de setembro de 2025 (Reunión 36/2025).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes nas reunións votan a favor da aprobación das actas das reunións correspondentes aos días, 11 de setembro de 2025 (Reunión 35/2025) e 18 de setembro de 2025 (Reunión 36/2025)..

2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a Imprenta Provincial da Deputación. (Expte.- 2025025952).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por Acordo da Xunta de Goberno nº 14.35502, de data 31 de xullo de 2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da “subministración, soporte e mantemento do sistema de impresión para a imprenta provincial da Deputación de Pontevedra”.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea con data 6 de agosto de 2025, resultando publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 7 de agosto de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 11 de setembro de 2025 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa, sendo admitidas as seguintes empresas nos lotes:

Lote nº 1:

- CANON ESPAÑA, S.A.U. (CIF: A28122125)
- SOLITIUM, S.L. (CIF: B50570571)

Lote nº 2:

- SOLITIUM, S.L. (CIF: B50570571)

A Mesa de Contratación na reunión do día 11-09-2025 tamén procedeu á apertura electrónica do sobre “B”, acordando dar traslado a documentación técnica descargada de dito sobre, presentada polas empresas admitidas, ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías, ao obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

O xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, con data 16 de setembro de 2025, emitiu informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízos de valor en cada un dos lotes, con CSV: G8P71QOA6C9QDLWG e GY9F6JEBO9YKM8E7, sendo as puntuacións outorgadas, por lotes:

Lote nº 1: Novo equipo de impresión dixital profesional:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA	CANON ESPAÑA, S.A.U.	SOLITIUM, S.L.
Metodoloxía de xestión do servizo	8,000	4,000	7,000
Xestión de incidencias	9,000	5,000	8,000
Plan de traballo	8,000	4,000	7,000
PUNTUACIÓN TOTAL “SOBRE B”	25,000	13,000	22,000



Lote nº 2: Ricoh Pro C7100:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA	SOLITIUM, S.L.
Metodoloxía de xestión do servizo	8,000	7,000
Xestión de incidencias	9,000	8,000
Plan de traballo	8,000	7,000
PUNTUACIÓN TOTAL "SOBRE B"	25,000	22,000

A Mesa de Contratación, en reunión celebrada o día 18 de setembro de 2025, acordou prestar conformidade as citadas puntuacións e que se proceda á apertura do sobre "C", das empresas Canon España, S.A.U. (CIF: A28122125), correspondente ao Lote nº 1, e Solitium, S.L. (CIF: B50570571), nos Lotes nº 1 e 2, ao alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (12,500 puntos), sendo os valores ofertados os indicados no certificado da Mesa de contratación con CSV: MTKESDI092BPR58K.

A Mesa de Contratación detectou que a oferta presentada pola empresa Canon España, S.A.U. (CIF: A28122125), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ao prezo ofertado para o Lote 1.

A Mesa de contratación acordou facultar ao Secretario para que procedera a requirir á citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles xustificara a oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións especialmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

Con data 24 de setembro de 2025 (número de rexistro de entrada WEB2025066528), a empresa Canon España, S.A.U. (CIF: A28122125) achegou a xustificación da baixa temeraria e, con data 25 de setembro de 2025, o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías emitiu informe favorable á xustificación da baixa temeraria presentada (CSV: KJ7EELTF2NCZSF2P).

Feitas as valoracións, de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, a puntuación obtida no sobre "C" polas empresas que participan no procedemento é a seguinte, por lotes:

Lote nº 1: Novo equipo de impresión dixital profesional:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		PUNTUACIÓN MÁXIMA	CANON ESPAÑA, S.A.U.	SOLITIUM, S.L.
Cota fixa mensual do servizo		35,000 puntos	35,000 puntos	19,727 puntos
Prezo de referencia para a copia a cor		5,000 puntos	1,830 puntos	5,000 puntos
Prezo de referencia para a copia en b/n		5,000 puntos	5,000 puntos	4,999 puntos
Melloras nas características funcionais dos equipos	Impresión automática a dobre cara ata 1.300 mm	4,000 puntos	4,000 puntos	4,000 puntos
	Velocidade de impresión >=120 ppm A4 a 450 gr	4,000 puntos	0,000 puntos	4,000 puntos
	Ancho mínimo do papel inferior a 100 mm	4,000 puntos	4,000 puntos	4,000 puntos
	Consumo eléctrico do equipo en funcionamento é inferior a 2.500 W	3,000 puntos	3,000 puntos	0,000 puntos
	Zona de arrefriado con ventilación específica para iso despois da fixación	4,000 puntos	4,000 puntos	4,000 puntos
	Zona específica de bandas para minimizar a estática	4,000 puntos	4,000 puntos	4,000 puntos
	Tecnoloxía de impresión con densitómetros en liña que midan ao 20%, 40%, 60%, 80%, 100%	7,000 puntos	7,000 puntos	7,000 puntos
PUNTUACIÓN TOTAL "SOBRE C"		75,000 puntos	67,830 puntos	56,726 puntos



Lote nº 2: Ricoh Pro C7100:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA	SOLITIUM, S.L.
Cota fixa mensual do servizo	45,000 puntos	4,784 puntos
Prezo de referencia para a copia a cor	15,000 puntos	0,304 puntos
Prezo de referencia para a copia en b/n	15,000 puntos	1,335 puntos
PUNTUACIÓN TOTAL “SOBRE C”	75,000 puntos	6,423 puntos

A vista de todo o exposto, a Mesa de Contratación, ACORDA:

1.- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas no procedemento aberto convocado para contratación da referida subministración, sendo esta a seguinte, por lotes:

Lote nº 1: Novo equipo de impresión dixital profesional

Clasificación	Empresa	Puntuación Sobre B (Máx. 25 puntos)	Puntuación Sobre C (Máx. 75 puntos)	Puntuación total
1ª	Canon España, S.A.U. (CIF: A28122125)	13,000	67,830	80,830
2ª	Solitium, S.L. (CIF: B50570571)	22,000	56,726	78,726

Lote nº 2: Ricoh Pro C7100

Clasificación	Empresa	Puntuación Sobre B (Máx. 25 puntos)	Puntuación Sobre C (Máx. 75 puntos)	Puntuación total
1ª	Solitium, S.L. (CIF: B50570571)	22,000	6,423	28,423

2.- Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, á empresa Canon España, S.A.U.(CIF: A28122125) no Lote nº 1 e Solitium, S.L. (CIF: B50570571) no Lote nº 2, polos seguintes prezos e valores ofertados:

Lote nº 1: Novo equipo de impresión dixital profesional

- CANON ESPAÑA, S.A.U. (CIF: A28122125).

Cota fixa mensual do servizo:

	Prezo MENSUALIDADE	Prezo 2 ANUALIDADES
Importe sen o IVE:	2.098,30 €	50.359,13 €
IVE (21 %):	440,64 €	10.575,42 €
Importe total ofertado:	2.538,94 €	60.934,55 €

Prezo unitario de referencia para as copias:

	Prezo unitario, sen IVE	Prezo unitario, con IVE
Copia a cor	0,02900 €	0,03509 €
Copia en b/n	0,00000 €	0,00000 €



Melloras nas características funcionais dos equipos:

- O equipo permite impresión automática a dobre cara ata 1.300 mm: ☒ SÍ ☐ NON
- Velocidade de impresión >=120 ppm A4 a 450 gr: ☐ SÍ ☒ NON
- O equipo admite un ancho mínimo do papel inferior a 100 mm: ☒ SÍ ☐ NON
- O consumo eléctrico do equipo en funcionamento é inferior a 2.500w: ☒ SÍ ☐ NON
- O equipo dispón dunha zona de arrefriado con ventilación específica para iso despois da fixación: ☒ SÍ ☐ NON
- O equipo dispón dunha zona específica de bandas para minimizar a estática: ☒ SÍ ☐ NON
- O equipo dispón de tecnoloxía de impresión con densitómetros en liña que midan ao 20%, 40%, 60%, 80%, 100%: ☒ SÍ ☐ NON

Lote nº 2: Ricoh Pro C7100:

- SOLITIUM, S.L. (CIF: B50570571):

Cota fixa mensual do servizo:

	Prezo MENSUALIDADE	Prezo 2 ANUALIDADES
Importe sen o IVE:	539,58 €	12.950,00 €
IVE (21 %):	113,31 €	2.719,50 €
Importe total ofertado:	652,90 €	15.669,50 €

Prezo unitario de referencia para as copias:

	Prezo unitario, sen IVE	Prezo unitario, con IVE
Copia a cor	0,034900 €	0,042229 €
Copia en b/n	0,0069000 €	0,008349 €

3. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "Lecer en Familia 2026". (Expte.- 2025009308).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo de Xunta de Goberno, adoptado na sesión do día 31 de xullo de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa LECER EN FAMILIA 2026”.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea con data 26 de agosto de 2025, sendo publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 27 de agosto de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres correspondente á documentación administrativa e ofertas presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir a seguinte empresa:

- VIAJES HALCON, S.A.U. (NIF: A10005510)

4. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "Lecer en Familia 2026". (Expte.- 2025009308).*

O Secretario informa que a Mesa de Contratación, na reunión do día 2 de outubro de 2025, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, procedeu á apertura do sobre "A", correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do *"servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa LECER EN FAMILIA 2026"*.

A única empresa presentada e admitida foi a seguinte:

- VIAJES HALCON, S.A.U. (NIF: A10005510)

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á desenscriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B", correspondentes aos criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan neste procedemento aberto.

Os valores ofertados pola única empresa que participa no procedemento son os seguintes:



- VIAJES HALCON, S.A.U. (NIF: A10005510)

1.- Prezo unitario medio ofertado por praza para a totalidade dos establecementos:

NOME DO ESTABLECEMENTO		CATEGORÍA DO ESTABLECEMENTO (Nº estrelas)	PREZO UNITARIO POR PRAZA
1	Nuevo Astur Complejo & Spa	3*	102,80 €
2	Hotel Carlos I Silgar Sanxenxo	4*	102,80 €
3	Gran Talaso Hotel Sanxenxo	4*	102,80 €
4	Hotel Spa Nanin Playa	3*	102,80 €
5	Hotel Spa Bosquemar	3*	102,80 €
6	Termas de Cuntis – Hotel Castro do Balneario	4*	102,80 €
7	Hotel Bienestar Moaña	4*	102,80 €
8	Hotel Coia	4*	102,80 €
9	Hotel Sercotel Tres Luces	3*	102,80 €
10	Hotel Pazo o Rial	4*	102,80 €
12	Hotel Val Convention	3*	102,80 €
13	Hotel Pontiñas	3*	102,80 €
PREZO MEDIO UNITARIO POR PRAZA MAIORES DE 12 ANOS DA TOTALIDADE ESTABLECEMENTOS			102,80 €

2.- Agasallo serigrafiado para as familias participantes:

- ☒ Oferta agasallo por valor de mercado igual ou superior a 3 euros.
- ☐ Oferta agasallo por valor de mercado entre 2 e 2,99 euros.
- ☐ Oferta agasallo cun valor de mercado entre 1 e 1,99 euros.
- ☐ Oferta agasallo cun valor de mercado igual ou inferior a 0,99 euros.

3.- Oferta de establecementos con spa, talaso ou piscina termal:

Número de establecementos ofertados con spa, talaso ou piscina termal, por riba do mínimo esixido (4 establecementos)	7
---	----------

4.- Aumento do número mínimo de establecementos ofertados:



- ☒ Oferta 12 establecementos ou máis.
- ☐ Oferta 11 establecementos.
- ☐ Oferta 10 establecementos.
- ☐ Oferta 9 establecementos.
- ☐ Non aumenta o número mínimo de establecementos ofertados.

5.- Oferta de actividades complementarias (sinalar cunha X o que corresponda):

- ☒ Oferta 2 actividades por establecimiento ofertado.
- ☐ Oferta 1 actividade por establecimiento ofertado.
- ☐ Non oferta actividades complementarias.

6.- Concurso de fotografía para as familias:

- ☒ Oferta concurso de fotografía con premio dunha estadía gratuíta nun dos aloxamentos propostos no programa.
- ☐ Oferta concurso de fotografía.
- ☐ Non oferta concurso de fotografía para as familias.

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar a oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista no PCAP, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

5. *Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes a documentación administrativa e as ofertas avaliábles mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "Explora Manzaneda 2026". (Expte.- 2025058983).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial 2025007410, de data 11/09/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "Explora Manzaneda 2026"

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 12/09/2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres “únicos”, correspondentes á documentación administrativa e ofertas avaliadas mediante criterios automáticos, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

- EMBAJADOR 1992, S.L. (B70529979)
- AGRUPACION DE TRANSPORTES DE VIAJEROS, S.A. (A32006025)

Os valores ofertados foron os seguintes:

EMBAJADOR 1992, S.L. (B70529979)

- Prezo total ofertado: 42.635,28 €

	ALUMNADO	PROFESORADO
Importe sen IVE	261,02 €	109,01 €
IVE	0,00 €	0,00 €
Importe total	41.763,20 €	872,08 €

**Nota importante: Se o licitador está suxeito ó réximen especial previsto na Lei do Imposto sobre o Valor Engadido para as axencias de viaxe (arts. 141 – 147 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Importo sobre o Valor Engadido), no apartado do IVE sinalará: 0€.*

- Incremento do número de paradas do autobús en cada quenda, tanto de recollida como de retorno: se ofertan 3 paradas.
- Incremento de número de actividades ofertadas a maiores das mínimas exixidas no PPT: ofértanse 5 actividades a maiores das mínimas exixidas no PPT.



- Cercanía do establecemento hoteleiro á estación de Montaña: Se atopa a menos de 0,5 km da estación.

AGRUPACIÓN DE TRANSPORTES DE VIAJEROS, S.A. (A32006025)

- Prezo total ofertado: 41.324,80 €

	ALUMNADO	PROFESORADO
Importe sen IVE	253,40 €	97,60 €
IVE	0 €	0 €
Importe total	253,40 €	97,60 €

**Nota importante: Se o licitador está suxeito ó réximen especial previsto na Lei do Imposto sobre o Valor Engadido para as axencias de viaxe (arts. 141 – 147 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido), no apartado do IVE sinalará: 0€.*

- Incremento do número de paradas do autobús en cada quenda, tanto de recollida como de retorno: se ofertan 3 paradas.
- Incremento de número de actividades ofertadas a maiores das mínimas exixidas no PPT: ofértanse 5 actividades a maiores das mínimas exixidas no PPT.
- Cercanía do establecemento hoteleiro á estación de Montaña: Se atopa a menos de 1 km da estación.

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade coas fórmulas recollidas no prego, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

	<u>EMBAJADOR 1992, S.L. (B70529979)</u>	<u>AGRUPACIÓN DE TRANSPORTES DE VIAJEROS, S.A. (A32006025)</u>
Prezo total ofertado (Máx. 45 puntos)	3,555 puntos	11,010 puntos
Incremento do número de paradas do autobús en cada quenda, tanto de recollida como de retorno (Máx. 25 puntos)	25 puntos	25 puntos
Incremento de número de actividades ofertadas a maiores das mínimas exixidas no PPT (Máx. 15 puntos)	15 puntos	15 puntos
Cercanía do establecemento hoteleiro á estación de Montaña (Máx. 15 puntos)	15 puntos	15 puntos
TOTAL	58,555 puntos	66,010 puntos

En base ao exposto a Mesa de Contratación acorda:



- 1) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas ao procedemento aberto simplificado convocado para contratación do “*Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "Explora Manzaneda 2026"*”, que queda da seguinte forma:

Posición	Licitador	Puntuación
1ª	<u>AGRUPACIÓN DE TRANSPORTES DE VIAJEROS, S.A.</u> <u>(A32006025)</u>	66,010 puntos
2ª	<u>EMBAJADOR 1992, S.L. (B70529979)</u>	58,555 puntos

- 2) Propor ao órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do “*Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "Explora Manzaneda 2026"*”, ó licitador AGRUPACIÓN DE TRANSPORTES DE VIAJEROS, S.A. (A32006025), que acada a mellor puntuación, dacordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polos prezos e valores ofertados.

A Mesa de Contratación comproba que AGRUPACIÓN DE TRANSPORTES DE VIAJEROS, S.A. (A32006025) atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas. A maiores, compróbase a traves do sistema de intermediación de datos que atópase ó corrente de pagos coa AEAT e coa Seguridade Social, e de alta no IAE, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

- 3) Facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que requira a AGRUPACIÓN DE TRANSPORTES DE VIAJEROS, S.A. (A32006025), mediante comunicación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío, aporten a documentación establecida nos pregos para a adxudicación do contrato.
- 4) Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

6. *Solicitud da empresa Ebos Ramon Agolada S.L. (NIF: B27469741), para participar no sistema dinámico de adquisición de vestiario para o persoal da Deputación. (Expte.- 2023051458).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2023, aprobou o expediente para



implementar un Sistema dinámico de adquisición de vestuario para o persoal da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse á Oficina de publicacións da Unión Europea, e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 20 de decembro de 2023, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.

Conforme ó prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade. A Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 16 de febreiro de 2024 acordou admitir ás empresas que presentaron inicialmente a solicitude de participación, entre as que se atopaba, na categoría I, a empresa Ebos Ramon Agolada S.L. (NIF: B27469741).

A Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do 21 de febreiro de 2025 aprobou a prórroga deste sistema dinámico e na sesión do día 02 de maio de 2025 acordou declarar o abandono da empresa Ebos Ramon Agolada S.L. (NIF: B27469741) ao non presentar oferta aos catro últimos contratos específicos.

Ao tratarse dun SDA no que as novas empresas poderán solicitar a súa inclusión no mesmo, así como darse de baixa, cando o teñan por convinte, as novas incorporación no sistema avaliaranse na primeira mesa de contratación que se celebre no mes seguinte á presentación da solicitude de participación.

Solicitada novamente a súa inclusión no sistema dinámico, a Mesa procede á cualificación e avaliación da documentación presentada no sobre electrónico de solicitude de adhesión, co seguinte resultado:

DOCUMENTACIÓN	EBOS RAMON AGOLADA S.L. (NIF: B27469741)
Data presentación da solicitude de adhesión	08/09/2025
Categorías para as que solicita a adhesión	Categoría I
ROLECE/RCGA	
Declaración responsable	✓
Capacidade para contratar	✓



Solvencia económica (volume anual de negocios) Categoría I: 60.000,00 euros. Categoría II: 60.000,00 euros	✓
Solvencia técnica (relación de principais subministracións) Categoría I: 40.000,00 euros. Categoría II: 40.000,00 euros.	✓
Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social	✓
Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria	✓
Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de actividades económicas	✓

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Seleccionar á empresa Ebos Ramon Agolada S.L. (NIF: B27469741), por ter acreditado que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión da mesma na categoría I (Vestuario laboral e equipos de protección individual) do Sistema Dinámico de Adquisición de vestuario para o persoal da Deputación de Pontevedra.
- 2) Que, no caso de que a Xunta de Goberno acepte a proposta que figura no apartado anterior, a lista de licitadores admitidos neste sistema dinámico quedará integrada polas seguintes empresas:

Categoría I: Vestuario laboral e equipos de protección individual.

- Eugenio Ales Llamas, S.A. (NIF: A41028820)
- Peycar Pontevedra, S.L. (NIF: B36112043)
- Gsi Dotacion Industrial, S.L. (NIF: B36352235)
- Ebos Ramon Agolada S.L. (NIF: B27469741)

Categoría II: Uniformidades e complementos

- Eugenio Ales Llamas, S.A. (NIF: A41028820)

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte e dous minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

